From: intercentros
To: "comunidade";
Subject: comunicado_ofoe_071116
Date: viernes, 16 de noviembre de 2007 11:29:00

Comunidado do Órgano de represenación do persoal laboral en relación a selección de persoal na Oficina de orientación ao emprego (OFOE)

No mes de xuño solicitouse a participación do Comité Intercentros na selección de persoal da a Oficina de orientación ao emprego, para este fin o órgano de do persoal laboral designou como representante a Carmen Serra Rodríguez quen non puido asistir a última fase do proceso sendo por este motivo substituída por Manuel Velasco Graña.

O proceso de Selección foi convocado por Resolución reitoral o 31 de xuño de 2007 e a Comisión de selección, estivo formada polo vicerreitor de Relacións institucionais, Iván Area, que presidía a comisión, Isabel Diéguez Castrillón, que actuaba como secretaria e como vocais, Xosé Manuel García Vázquez e a citada representación do Intercentros.

Tras cumprir o seu cometido o resultado da selección de orientadores/as laborais, unha lista ordenada de once persoas ordenada segundo os méritos valorados, foi publicado a través da Resolución reitoral de 18 de setembro de 2007. Ao ser ofertadas catro prazas (dúas en Vigo, unha en Pontevedra e outra en Ourense) as candidatas propostas foron as catro primeiras.

O día nove de outubro as catro traballadoras foron convocadas nas dependencias da vicerreitoría que dirixe Ivan Area para comunicarlle os destinos, sen lle dar opción a escoller praza de acordo coa prelación establecida pola Comisión.

O vicerreitor, que comunicou a parte social que actuaba deste

xeito para cumprir o ordenado pola Dirección xeral de formación e colocación, unha vez que a representación do Intercentros lle esixiu que respectara o dereito das traballadoras a escoller praza, comprometeuse, ese mesmo día, a solucionar canto antes o conflicto.

O 12 de novembro, un mes despois da asignación de destinos, os representantes do Intercentros envía un escrito dirixido ao reitor, vicerreitor, xerente e aos outros membros da Comisión de selección, no que amosan a súa desconformidade coa arbitraria actuación do presidente da Comisión e esixen que se restitúan, de inmediato, os dereitos das traballadoras afectadas.

O órgano de representación do persoal laboral, conformado polos sindicatos CIG, CC OO e UGT, ante esta actuación contraria a cultura de asignación de postos da administración pública, e polo tanto tamén a que por norma se emprega nos tribunais e comisións de selección nos que participa o Comité Intercentros, esixe ao vicerreitor, Iván Area Carracedo, o cumprimento do acordado coas as

traballadoras afectadas, é dicir, o seu dereito a escoller praza consente a orde establecida na Resolución reitoral de 18 de setembro de 2007.

Na defensa deste dereito, o órgano de representación, apoiará toda acción legal que realicen as traballadoras afectadas e emprenderá, motu propio, as accións que considere oportunas para restituír os dereitos das traballadoras e traballadores que representamos.

Lagoas-Marcosende 16 de novembro de 2007